



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Comisión Permanente da Mesa de Saúde Laboral para Vixilancia Aduaneira

No día de hoxe tivemos a primeira reunión da Comisión Permanente da Mesa de Saúde Laboral para tratar a casuística propia de Vixilancia Aduaneira. Nesta reunión, por parte da Administración, había unha representación dos responsables de RRHH e polo S.V.A. estaba presente Jesús Caparrós e Vicente Diz. En primeiro lugar e seguindo a orde do día, facilitouse nos información sobre a vixilancia á saúde que, desde o Departamento, se fai aos traballadores de Vixilancia Aduaneira, así como os resultados das avaliacións iniciais de riscos, datos sobre os accidentes laborales, etc.

Desde a **C.I.G.** expuxemos que o primeiro que se debería facer é un estudo sobre o persoal e as condicións nas que se está a traballar en Vixilancia Aduaneira (idade, enfermidades profesionais, turnos de traballo, nocturnidade..etc)

Expuxemos tamén a problemática da elevada idade dos traballadores do Servizo en Galicia e solicitamos que, xa que a segunda actividade está sen desenvolver, había que estudar fórmulas dentro da Mesa de Saúde Laboral para que ningún traballador de máis de 55 anos ou o persoal con problemas psicofísicos estivera embarcado e que, nestes casos, o paso a postos en terra non lles supuxera perda económica ningunha.

Tamén solicitamos que o persoal marítimo pase os **recoñecementos médicos** no Instituto Social da Mariña, con médicos especialistas en medicina marítima, así como se se regulamenten os tempos de descanso dos Responsables de Puente, que se faciliten proteccións auditivas con aparatos de intercomunicación, así como revisións máis axeitadas nos vehículos e maiores medidas de seguridade.

Consideramos moi importante, para reducir a elevada siniestralidade, a formación en primeiros auxilios así como cursos de prevención de riscos, conducción evasiva, etc.

A AEAT fixo entrega dun **proxecto de Instrucción sobre Exercicios de Emerxencia (que achegamos co correo)**, para que o estudemos e acheguemos as nosas aportacións ou melloras. **É importante que o miredes e nos digades a vosa opinión.**

Esperemos que, despois de tantos anos de loita para que houbera esta Mesa de Saúde Laboral para Vixilancia Aduaneira, a AEAT se tome en serio, dunha vez por todas, a saúde dos sesus traballadores.

Nota: Achegamos, tamén un cadro comparativo de accidentes dos anos 2007, 2008 2009 e 2010.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es-**WWW.CIGAEAT.COM**